

O PSOE de Rábade denuncia que o alcalde converteu a XIII Xuntanza de Maiores nun acto electoral

Como indicou o voceiro do PSOE “non se pode converter nun acto electoralista financiado cos cartos de todos”

Miguel Vilar: “no mes de xaneiro presentamos o rogo de que, para non converter a festa nun acto electoral, este ano se deixara a súa celebración para unha data posterior ao 24 de maio. Rogo que foi recollido polo alcalde e que naquel momento pareceu que o asumía”

“Rompeuse o sistema de representación habitual invitando á nova candidata do PP e concelleira con número 3 na corporación actual, cando o normal era que acudiran, ademais do alcalde, e a concelleira de cultura e asuntos sociais, soamente os voceiros dos grupos da oposición”

RÁBADE, 27 DE ABRIL DE 2015.-A agrupación socialista de Rábade puxo hoxe de manifesto a súa decepción polo proceder do alcalde ao converter a XIII Xuntanza de Maiores, celebrada onte, nun acto electoral.

Para os socialistas esta festa “é un recoñecemento aos nosos maiores, unha festividade consolidada e estamos seguros de que ningún goberno da vila a deixará de realizar”, pero como indicou o voceiro do PSOE –Miguel Vilar- “non se pode converter nun acto electoralista financiado cos cartos de todos”.

Segundo explicou concelleiro socialista, no pleno celebrado no mes de xaneiro, “para non converter a festa nun acto electoral, presentamos o rogo de que este ano se deixara a súa celebración para unha data posterior ao 24 de maio; iniciativa que foi recollida polo alcalde e que, naquel momento, pareceu que asumía”. “A pesares disto, a alcaldía convocou a celebración para o día de onte, facendo caso omiso ás nosas peticións”, explicou.

Acto electoral rompendo o sistema de representación

Unha proba máis do uso electoralista deste evento é que “se rompeu o sistema de representación habitual invitando á nova candidata do PP e concelleira con número 3 na corporación actual, cando o normal era que acudiran, ademais do alcalde, e a concelleira de cultura e asuntos sociais, soamente os voceiros dos grupos da oposición para que as veciñas e veciños da vila se sintan representados nesta xornada homenaxe”, afirma Vilar.